



Facultade de Psicoloxía

Traballo de  
fin de máster

“Proxecto de investigación en laboratorio”

Efectos do Ambiente  
Percibido Sobre a Capacidade  
de Restauración e o Benestar  
Psicológico. Un Estudo con  
Realidade Virtual

Autora do TFM

María Álvarez Ozón

**Máster Universitario en Psicoloxía:**  
Especialidade en Psicoloxía Experimental

Ano 2024

# Índice

<b>Índice</b> .....	<b>2</b>
<b>Resumo</b> .....	<b>3</b>
<b>Abstract</b> .....	<b>5</b>
<b>Introdución</b> .....	<b>7</b>
Marco Teórico da Restauración en Contornas Naturais.....	7
Clasificación das Contornas .....	9
A Restauración en Ambientes Naturais Simulados.....	11
A Presente Investigación.....	14
<b>Método</b> .....	<b>16</b>
1 Participantes.....	16
2 Deseño e Variables .....	16
3 Materiais e Estímulos.....	18
4 Procedemento.....	22
5 Análise de Datos .....	24
<b>Resultados</b> .....	<b>26</b>
<b>Discusión</b> .....	<b>35</b>
<b>Conclusiones</b> .....	<b>38</b>
<b>Referencias Bibliográficas</b> .....	<b>39</b>
<b>Índice de Figuras</b> .....	<b>46</b>
<b>Índice de Táboas</b> .....	<b>47</b>
<b>Anexos</b> .....	<b>48</b>

## Resumo

A exposición a contornas simuladas con realidade virtual ten o potencial de mellorar a capacidade de restauración psicolóxica e o benestar percibido. Aínda que escasa, a literatura previa apunta incluso a un posíbel rol mediador da capacidade de restauración. Neste traballo estudamos o efecto de distintas contornas naturais, clasificadas como *paletas de cor*, sobre o estado de ánimo e a vitalidade subxectiva a través da capacidade de restauración. Contamos coa participación dunha mostra de conveniencia formada por 50 estudantes de grao e mestrado, con idades comprendidas entre os 18 e os 46 anos ( $M = 24.52$ ,  $DT = 6.24$ ). Deseñamos un experimento intersuxeitos aleatorizado, no que as participantes foron asignadas a unha das catro condicións experimentais, tres paisaxes naturais e unha condición control, a contorna de actividade cotiá. En cada condición visualizaban imaxes de 360 graos, proxectadas mediante un dispositivo de realidade virtual, durante un tempo de 5 minutos. As variables de interese rexistráronse concorrentemente, mediante a implementación de medidas estandarizadas en Microsoft Forms. Comprobouse a homoxeneidade das condicións en canto a idade, experiencia previa con realidade virtual, estado de ánimo e sensación de presenza na contorna virtual. Realizáronse análises de mediación simple coa macro Process 4.2 para SPSS, con categorización ficticia e estimación mediante bootstrapping do efecto indirecto relativo de cada condición experimental. Os resultados amosaron efecto indirecto da exposición á natureza virtual sobre a mellora do estado de ánimo. A mediación da capacidade restaurativa procurou unha mellora do estado de ánimo superior en cada paisaxe natural respecto da condición control. Ademais, comprobamos que este efecto se debía fundamentalmente aos compoñentes

de fascinación e extensión. Porén, o modelo de mediación non resultou significativo para a variable dependente de vitalidade subxectiva.

**Palabras chave:** realidade virtual, estado de ánimo, vitalidade subxectiva, capacidade de restauración, contornas naturais virtuais

## Abstract

Exposure to simulated virtual reality environments has the potential to enhance psychological restoration and perceived well-being. Although scarce, previous literature even points to a possible mediating role of restorativeness. In this paper we studied the effect of different natural environments, classified as *palettes of colour*, on mood and subjective vitality through restorativeness. We collected a convenience sample of 50 Bachelor's and Master's students, aged between 18 and 46 years old ( $M = 24.52$ ,  $DT = 6.24$ ) who agreed to take part in the study. We designed a randomized between-subject experiment, in which participants were assigned to one of four experimental conditions, three natural landscapes and one control condition, the everyday activity environment. In each condition they viewed 360-degree images, projected through a virtual reality device, for 5 minutes. The variables of interest were concurrently recorded by implementing standardized measures in Microsoft Forms. We verified the homogeneity of conditions in terms of age, previous experience with virtual reality, mood and sense of presence in the virtual environment. Simple mediation analyses were performed using the SPSS macro Process 4.2 version, with dummy categorization and bootstrapping estimation of the relative indirect effect of each experimental condition. Results showed an indirect effect of exposure to virtual nature on mood enhancement. The mediation of the restorative capacity led to an improvement in mood in each natural landscape compared to the control condition. Furthermore, we found that this effect was mainly due to the components of fascination and extension. However, the mediation model was not significant for the dependent variable of subjective vitality.

**Keywords:** virtual reality, mood state, subjective vitality, restorativeness, natural virtual environments

# Introdución

A alta carga de traballo, a presión de tempo e a crecente especialización levou a que dediquemos moitas horas a realizar unha mesma actividade. Esa persistencia na tarefa depende en gran medida da atención dirixida. A atención dirixida esixe que a persoa se centre só na tarefa que ha de realizar, inhibindo todo tipo de intrusión da contorna. Moitas das actividades que levamos a cabo ao longo do día (e.g., redactar un traballo académico, presentarse a un exame, dar unha conferencia ou asistir a unha reunión) requiren dun esforzo constante e intenso que a medida que vai pasando o tempo prodúcenos un estado de esgotamento mental, denominado fatiga mental. Kaplan (1987) define a fatiga mental como “un estado de malestar e diminución na eficacia que xeralmente vai seguido dun esforzo mental intenso” (p. 56). Para unha persoa mentalmente fatigada, manter a concentración nunha actividade que non é atractiva ou interesante supón un grande esforzo, mentres que prestar atención a algo que esperta o seu interese non supón un reto. Tras un período prolongado de atención dirixida, podemos poñer en marcha procesos que nos permitan recuperar os nosos recursos cognitivos. Ao contrario do que se podería pensar, a recuperación psicolóxica é un proceso activo. O ideal é distanciarse física e psicolóxicamente da rutina, é dicir, escapar ou afastarse do cotián e buscar lugares e actividades que esixan a mínima atención dirixida (Kaplan & Kaplan, 1989). Dar un paseo pola praia, ler un libro na montaña ou facer exercicio físico en contornas naturais son actividades pouco esixentes que permiten distanciarse dos lugares e rutinas diarias, favorecendo a recuperación dos recursos psicolóxicos.

## Marco Teórico da Restauración en Contornas Naturais

Varias teorías tentaron explicar por que o contacto coa natureza debería ser eficaz para promover a capacidade de restauración, reducindo o estrés e aumentando o benestar psicolóxico. Os marcos teóricos principais para explicar estes efectos son: a teoría da restauración da atención (máis coñecida pola súa denominación en inglés, *attention restoration*

*theory*, ART; Kaplan & Kaplan, 1989) e a teoría de redución do estrés (*stress reduction theory*, SRT; Ulrich, 1983; Ulrich et al., 1991).

A ART identifica dous tipos de atención que se diferencian en base ao esforzo implicado. Así, a atención divídese en voluntaria ou dirixida e involuntaria. O procesamento arriba-abaxo, que se dá cando a persoa procesa información atendendo a estímulos relevantes para alcanzar unha meta ou obxectivo, require dun control atencional dirixido. Pola contra, o procesamento abaxo-arriba, que se dá cando os estímulos controlan e dirixen a atención da persoa, non necesita que esta poña en marcha ningún tipo de proceso intencional. Segundo esta formulación, a atención dirixida esgótase en contornas urbanas e ante tarefas cognitivamente esixentes, mentres que ten tempo de recuperarse en contornas naturais. Isto débese a que as características da contorna atraen a atención de forma automática e, por tanto, os procesos utilizados para a atención voluntaria non son necesarios.

Aínda que existen distintos ámbitos que poden ser restaurativos, a investigación sobre a natureza (ART; Kaplan & Kaplan, 1989) describe cales son os catro compoñentes clave deste tipo de contorna: (a) experiencia de estar lonxe, (b) extensión, (c) fascinación, e (d) compatibilidade. A nivel psicológico, a experiencia de estar lonxe significa implicarse en contidos distintos dos habituais, é dicir, deixar de lado os nosos pensamentos e obrigacións habituais. A nivel físico implica escapar, poñer distancia, da contorna habitual. En canto á extensión, a sensación de estar noutro mundo, de explorar outro ambiente require crear unha imaxe sobre como serían as cousas nese lugar. Para crear esa imaxe é necesaria a existencia de interrelación entre os elementos percibidos. O terceiro compoñente, a fascinación, fai referencia á capacidade dun estímulo de captar a atención involuntaria. Algúns estímulos da natureza presentan a calidade esencial de captar a nosa atención sen esforzo, en ocasións debido ao compoñente estético que adoitan ter asociado (e.g., o sol, a brisa, o canto dos paxaros). Por último, a compatibilidade fai referencia ao grao de concordancia entre a persoa e a contorna na que se atopa, é dicir, a contorna natural permite facer aquilo que tiña en mente (e.g., se quero facer sendeirismo en Santiago, teño a ‘ruta do río Sarela’).

O marco psicoevolutivo da SRT (Ulrich, 1983; Ulrich et al., 1991) postula que a atención involuntaria é un elemento importante, xa que a resposta emocional que se desencadea de maneira automática ante as contornas naturais inflúe na atención, o procesamento consciente, a resposta fisiolóxica e o comportamento. Así, dependendo das características físicas da contorna presentada (ameazante vs. non ameazante) e do estado psicofisiolóxico da

persoa, as respostas poden ir desde o estrés<sup>1</sup> e conduta de evitación (e.g., a unha serpe) á restauración<sup>2</sup> e conduta de achegamento (e.g., a un río). A SRT defende que as contornas con auga e cunha presenza moderada de elementos evocan interese e sensacións pracenteiras. Deste xeito, a vista de contornas naturais pouco ameazantes e que favorezan o interese producirá, nas persoas que sofren estrés ou ansiedade, unha resposta emocional que axudará a reducir o nivel de activación psicofisiolóxica e a aumentar as emocións positivas.

Estas dúas teorías son compatíbeis e, ademais, describen procesos que se complementan. Mentres a ART postula que a exposición a contornas naturais mellora os procesos cognitivos e a atención, a SRT propón que esa exposición tamén reduce os niveis de estrés. Ulrich et al. (1991) destacaron que as persoas asignadas a ver contornas naturais evidenciaron un aumento significativo no afecto positivo e unha redución das emocións negativas (medo, ira) fronte a aquelas que viron escenas urbanas. Este aumento no afecto fai que as persoas se sintan máis relaxadas e recuperen o seu funcionamento eficaz.

Actualmente, estes dous marcos teóricos están a contemplarse en estudos que pretenden demostrar se a exposición á natureza virtual, empregando un equipo de realidade virtual (RV) pode ter efectos na recuperación física e psicolóxica (Browning, Mimnaugh et al., 2020; Li et al., 2021; Nukarien et al., 2022; Reese, Stahlberg et al., 2022; Schutte et al., 2017; Spano et al., 2023; Tabrizian et al., 2018; Theodorou, Romano et al., 2023).

## Clasificación das Contornas

Delimitar o concepto e tipoloxía das contornas naturais é fundamental para coñecer os efectos das súas características no benestar das persoas. As definicións máis clásicas baséanse no impacto humano sobre a contorna (Mausner, 1996; Pasca et al., 2019). As empregadas recentemente no estudo das paisaxes terapéuticas están máis orientadas cara á categorización e análise das paisaxes en función da súa cor (verde, marrón, azul e gris), tamén coñecidos como ‘paletas de lugar’ (Brooke & Williams, 2021; Li, Ding et al., 2023; Silva et al., 2019).

---

<sup>1</sup> Resposta adaptativa do organismo que nos prepara para a acción ante un perigo ou ameaza para o noso benestar.

<sup>2</sup> Proceso de recuperación dos recursos psicolóxicos e fisiolóxicos ante situacións estresantes.

Dentro do primeiro tipo, a defendida por Mausner (1996) e Pasca et al. (2019) distingue ata cinco niveis de intervención humana. As contornas ‘totalmente naturais’ son aquelas onde non hai pegada visible de presenza humana. As contornas ‘naturais civilizadas’, do mesmo xeito que as ‘totalmente naturais’, caracterízanse pola predominancia de elementos naturais levemente afectados polas persoas. A terceira categoría son as contornas ‘case naturais’, nas que o impacto dos seres humanos é claro, visible. As contornas ‘semi naturais’ caracterízanse por un equilibrio entre a ocupación humana e a natureza, de modo que os elementos naturais e non naturais coexisten. Finalmente, as contornas ‘non naturais’ son aquelas onde a natureza está afectada pola humanidade de forma evidente; é dicir, trátase de contornas construídas.

Dentro do segundo tipo de definicións, abordáronse principalmente as contornas verdes e azuis; aínda que a literatura recente pretende ampliar o espectro (Brooke & Williams, 2021; Li, Browning et al., 2023). A percepción destas cores, así como dos elementos que compoñen as contornas naturais (e.g., rochas, follas, ondas) capta a nosa atención de maneira automática, causando unha gran fascinación. Esta terá un profundo impacto na nosa atención, pero tamén na cognición e na emoción (Lengen, 2015).

Sábese que os espazos verdes teñen efectos positivos na saúde mental e fomentan a actividade física en persoas de tódalas idades, mentres que os espazos azuis con predominio de auga inspiraron o concepto mesmo de paisaxes terapéuticas. Os espazos azuis teñen o potencial de promover a saúde e o benestar coa auga como punto focal da paisaxe. Desde a época grecorromana ata o presente, considerouse que as masas de auga teñen poderes curativos e restauradores. Así mesmo, estes espazos adoitan ser máis accesíbeis que os espazos verdes (Brooke & Williams, 2021). Malia que nos estudos sobre paisaxes terapéuticas prevalecen os espazos azuis e verdes, tamén se examinaron espazos brancos e grises. Participantes de diversos traballos asociaron estas paisaxes brancas e grises con sentimentos de liberdade/estar afastado, tranquilidade e fascinación (Theodorou, Romano et al., 2023; Yin et al., 2022). Desta forma, son catro as paletas de cor que se describen (Brooke & Williams, 2021; Li, Browning et al., 2023):

— ‘espazo verde’, referido a paisaxes ricas en plantas (e.g., árbores, plantas con flores, pastos, xuncos, musgos, fentos e algas)

— ‘espazo azul’, referido a paisaxes con augas abertas (e.g., canles, ríos, lagos, océanos)

— ‘espazo branco’, referido a paisaxes con auga en estado sólido (e.g., paisaxes cubertas de neve/xeo)

— ‘espazo marrón ou gris’, referido a paisaxes con rochas e minerais (e.g., desertos, montañas, cantís). Os volcáns tamén poderían considerarse dentro desta clasificación, aínda que hai autores que prefiren darlle unha categoría independente —natureza vermella— a pesar de que non tódalas paisaxes volcánicas teñen este aspecto (Kotera et al., 2021).

Dous estudos (Brooke y Williams, 2021; Theodorou, Romano et al., 2023) atoparon que observar a superficie cuberta de xeo ou neve causaba un grande asombro nos participantes. Pola súa banda, Yin et al. (2022) descubriron que a exposición a unha contorna desértica en realidade virtual promovía a recuperación do estrés tanto coma unha contorna verde.

## A Restauración en Ambientes Naturais Simulados

As estatísticas máis recentes sinalan que os europeos pasamos o 90 % do noso tempo en espazos interiores, é dicir, máis de 21 horas ao día nos nosos fogares, lugares de traballo, escolas e espazos institucionais (Axencia de Protección Ambiental dos Estados Unidos, 2013; Organización Mundial da Saúde [OMS], 2013). A esta tendencia únese o feito de que o 56 % da poboación mundial actual vive en cidades e que esta porcentaxe se elevará ata o 68 % no 2050 (Organización das Nacións Unidas [ONU], 2022). Todo iso deriva nun afastamento das persoas do contacto con contornas naturais, o que pode provocar un efecto negativo na nosa saúde física e mental.

O acceso á natureza pode verse incluso máis comprometido por circunstancias asociadas á idade e ao estado de saúde física. Pensemos, por exemplo, nas persoas maiores que viven en residencias urbanas, persoas con problemas de mobilidade, pacientes ingresados en hospitais ou en illamento forzoso (e.g., por COVID-19). Así mesmo, as persoas que teñen acceso a contornas naturais non sempre se senten cómodas en espazos ao aire libre ou non dispoñen de tempo para desprazarse a estes lugares (Browning, Mimnaugh et al., 2020). Os escenarios mencionados poden levar a un problema de saúde pública posto que, como xa explicamos, a natureza promove a saúde e o benestar nos seres humanos mitigando os efectos das demandas ás que estamos expostos diariamente (Browning, Mimnaugh et al., 2020; Li et al., 2021; Nukarien et al., 2022; Reese, Stahlberg et al., 2022; Schutte et al., 2017; Spano et al., 2023; Tabrizian et al., 2018; Theodorou, Romano et al., 2023).

O auxe das tecnoloxías de realidade virtual no ámbito da saúde permite superar estes obstáculos ao crear contornas naturais accesíbeis, que se poden explorar baixo unhas condicións seguras e controladas (Pavic et al., 2022; Theodorou, Spano et al., 2023). As simulacións son beneficiosas en particular cando o acceso á natureza é limitado (Browning, Shipley et al., 2020; Mostajeran, Fischer et al., 2023). Estudos previos demostraron que se produciron efectos restauradores similares con contornas virtuais e contornas naturais reais (Browning, Shipley, et al., 2020; Li et al., 2021). De aí que o uso da natureza virtual para promover a saúde poida considerarse como unha liña de investigación cada vez máis importante. A maioría dos traballos realizados ata o momento teñen como obxectivo medir o seu vínculo co estado de ánimo, a capacidade de restauración, a redución do estrés ou a tolerancia á dor (Browning et al., 2021; Li, Ding et al., 2023; Liu et al., 2023; Spano et al., 2023; Yu et al., 2018).

Nesta liña de pescuda, o primeiro aspecto a ter en conta cando se pretende inducir, por exemplo, emocionalidade positiva a través da realidade virtual é o nivel de inmersión. O nivel de inmersión fai referencia á sensación de presenza percibida na contorna virtual. E a experiencia visual é, sen dúbida, a máis estudada. Para comprobar cal era a mellor maneira de visualizar contornas naturais que favorecesen o estado de ánimo, Yeo et al. (2020) realizaron unha comparación experimental entre unha televisión HD, vídeos de 360 graos en realidade virtual e vídeos de 360 graos xerados por ordenador. A diferenza entre os vídeos de 360 graos en realidade virtual e os xerados por ordenador era que os primeiros só permitían observar a contorna virtual, mentres que os segundos permitían interactuar coa mesma. Os participantes indicaron que os vídeos de 360 graos xerados por ordenador foron os que proporcionaron unha maior experiencia inmersiva, seguidos dos vídeos de 360 graos en realidade virtual e a televisión HD.

As revisións sistemáticas e artigos de investigación empírica que achegan o fundamento teórico deste traballo (ver Anexo A) sinalan que se utilizan maioritariamente fotografías en 360 graos da contorna que se desexa presentar a través das lentes de realidade virtual. Á súa vez, o tempo medio de visualización desa contorna é de 5 minutos (Li, Ding et al., 2023). Os deseños contan cun grupo control e dous grupos experimentais, e como grupo control considérase un espazo coñecido para os participantes (Browning, Shipley et al., 2020). Aínda que estes estudos adoitan utilizar unha única fotografía, o tempo de exposición é elevado e pode levar a aburrimiento e desconexión, que son incompatibles co afecto positivo (Browning & Mimnaugh

et al., 2020; Hejtmánek et al., 2022). A vantaxe da realidade virtual é que permite mostrar a contorna xerando unha gran sensación de presenza, ao tempo que impide ver a contorna real na que se atopa a persoa durante a experiencia inmersiva (Browning et al., 2021; Mostajeran et al., 2021; Mostajeran et al., 2023; Pavic et al., 2022; Theodorou, Romano et al., 2023).

Os estudos máis recentes demostraron que a exposición a contornas naturais virtuais aumenta a capacidade de restauración, o afecto positivo e o benestar psicológico (Browning, Mimnaugh et al., 2020; Mattila et al., 2020; Mostajeran et al., 2023; Newman et al., 2022; Pavic et al., 2022; Reese et al., 2021; Reese, Mehner et al., 2022; Schutte et al., 2027; Theodorou, Romano et al., 2023; Theodorou, Spano et al., 2023). Schutte et al. (2017) encontraron incluso que a capacidade de restauración mediaba entre a experiencia virtual e o estado de ánimo, e Theodorou, Romano et al. (2023) que a capacidade de restauración mediaba o efecto da natureza virtual sobre o aspecto de vitalidade subxectiva. Neste contexto, a capacidade de restauración enténdese como a reposición de recursos físicos e psicológicos esgotados nos esforzos continuos para satisfacer as demandas diarias (Theodorou, Romano et al., 2023) e recoñécese polos catro factores restaurativos considerados por Kaplan (1989) para os espazos naturais (estar lonxe, extensión, fascinación e compatibilidade). O estado de ánimo refírese a un estado afectivo que se mantén de forma relativamente estable e que reflexa como se sente unha persoa nun momento determinado (McNair et al. 1971, 1981, 1992, como se citou en Berger & Motl, 2000). Os estados de ánimo oscilan entre estados positivos e negativos. Así, o afecto positivo está relacionado coa emocionalidade pracenteira (e.g., enérxica/o, alegre, activa/o). En contraste, o afecto negativo representa a dimensión da emocionalidade non pracenteira (e.g., nerviosa/o, irritable, tensa/o) (Andrade et al., 2013). En liña co presente traballo, tanto a ART (Kaplan & Kaplan, 1989) como a SRT (Ulrich, 1983; Ulrich et al., 1991) sinalan que os elementos existentes na natureza, capaces de captar a nosa atención sen esforzo, están relacionados con incrementos no estado de ánimo positivo e redución do estado de ánimo negativo (Anderson et al., 20217; Browning et al., 2021; Schutte et al., 2017; Spano et al., 2023; Yeo et al., 2020).

A vitalidade subxectiva relaciónase coa experiencia de sentirse vivo e cheo de enerxía (Ryan & Frederick, 1997, como se citou en Mattila et al., 2020; Reese, Mehner et al., 2022; Theodorou, Romano et al., 2023). Tanto a vitalidade subxectiva como a capacidade de restauración son aspectos clave do benestar psicológico. Con todo, existen diferencias entre ambos conceptos. Por unha banda, a vitalidade subxectiva relaciónase con estados de alta

enerxía que fan que as persoas se sintan máis activas e dinámicas. Ese estado positivo de alta enerxía fai que as persoas sexan máis resilientes á hora de enfrontarse a estresores ambientais (Spano et al., 2023). Por outra banda, a capacidade de restauración relaciónase cunha diminución da actividade do sistema nervioso simpático que provoca estados positivos de baixa enerxía (e.g., relaxación e niveles máis baixos de excitación ante situacións estresantes) (Reese, Mehner et al., 2022; Theodorou, Romano et al., 2023). Todo isto aumenta o benestar psicológico, porque contribúe ao funcionamento óptimo da persoa, á consecución de obxectivos e a un maior nivel de satisfacción coa vida.

## A Presente Investigación

Nos apartados anteriores presentáronse as bases teóricas que explican os beneficios que, a nivel psicológico, proporciona o contacto con contornas naturais. Así mesmo, presentamos a clasificación das contornas naturais en función dos diferentes criterios que se empregaron ata o momento. Por último, expuxéronse as alternativas que xurdiron coa aparición das tecnoloxías de realidade virtual. Deste xeito, se a exposición *in situ* non é posíbel, existe a opción de estar en contacto con contornas naturais virtuais, que proporcionan experiencias comparábeis ás paisaxes naturais reais.

No presente traballo realizaremos un estudo cuxo obxectivo é obter un maior coñecemento acerca do efecto que ten a exposición a diferentes contornas naturais virtuais sobre o estado de ánimo e a vitalidade subxectiva a través da capacidade de restauración. Con este propósito, e seguindo o criterio establecido por Foley e Kistemann (2015) na investigación de paisaxes terapéuticas, a clasificación xeral das contornas empregadas neste estudo realizouse atendendo ás súas características físicas. En concreto, as imaxes dos espazos naturais empregados clasificáronse en función da súa cor (Brooke & Williams, 2021; Li, Ding et al., 2023; Silva et al., 2019).


En base á literatura revisada, esperamos encontrar un aumento da capacidade de restauración das condicións experimentais fronte á condición control (Mostajeran et al., 2023; Reese et al., 2021; Schutte et al., 2017; Theodorou, Romano et al., 2023). Así mesmo, esperamos que a capacidade de restauración actúe como mediadora entre a experiencia virtual e o afecto (Reese et al., 2021; Schutte et al., 2017) e entre a experiencia virtual e a vitalidade

subxectiva (Theodorou, Romano et al., 2023). O modelo conceptual de mediación pode verse representado na Figura 1.

Este traballo estuda o efecto das variables máis significativas rexistradas na literatura previa. Así, contempla como variable dependente o estado de ánimo e a vitalidade subxectiva. Esta segunda variable recibiu pouca atención na bibliografía revisada (Nukarien et al., 2022). Como variable independente estúdase unha contorna azul, que é máis coñecida para as participantes, e engadimos contornas novidasas e menos estudadas ata o momento como son as paisaxes branca e marrón.

### **Figura 1**

*Representación Conceptual do Efecto da Contorna Sobre o Estado de Ánimo e a Vitalidade Subxectiva Mediada Pola Capacidade de Restauración*



# Método

## 1 Participantes

A mostra de participantes utilizada neste traballo foi de conveniencia e estaba formada por un total de 50 estudantes de grao e máster na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. As participantes<sup>3</sup> eran persoas sas e con visión normal ou corrixida a través de gafas ou lentes de contacto. A súa idade estaba comprendida entre os 18 e 46 anos ( $M = 24.52$ ,  $DT = 6.24$ ). Así mesmo, o 36 % indicaron ter empregado un equipo de realidade virtual antes de colaborar neste estudio, mentres que o 64 % informaron de que estaban a usalo por primeira vez. A participación neste estudio foi voluntaria e sen ningún tipo de gratificación.

## 2 Deseño e Variables

Neste traballo empregamos un deseño experimental intersuxeitos aleatorizado. A variable independente desta investigación foi a contorna presentada ás participantes. Esta variable constaba de catro condicións atendendo á clasificación da paisaxe: (1) un ambiente coñecido (condición control), (2) un ambiente ártico (condición branco), 3) un ambiente marítimo (condición azul), e (4) un ambiente desértico (condición marrón). As participantes foron asignadas aleatoriamente a unha das catro condicións. O número final de participantes para cada condición foi 12 para a condición control, 13 para a condición branco, 12 para a condición azul e 13 para a condición marrón.

Medimos dúas variables dependentes, o estado de ánimo e a vitalidade subxectiva. O estado de ánimo mediuse antes e inmediatamente despois da experiencia inmersiva. A

---


<sup>3</sup> Empregaremos a forma feminina para referirnos ás persoas que conformaron a mostra de participantes.

vitalidade subxectiva rexistrouse unha soa vez tras visualizar a contorna virtual e a continuación da segunda medida do estado de ánimo.

Como variable mediadora considerouse a capacidade de restauración. Esta variable mediuse en terceiro lugar, unha vez finalizou a experiencia inmersiva. Como variables control tivéronse en conta a idade e experiencia previa cun equipo de realidade virtual. Así mesmo, tamén se avaliou a sensación de presenza na contorna virtual. Na Figura 2 represéntase a secuencia do procedemento experimental.

## **Figura 2**

### *Representación Gráfica do Procedemento Experimental*



### 3 Materiais e Estímulos


O experimento levouse a cabo no laboratorio de Proceso de Datos da Facultade de Psicoloxía. As contornas mostráronse ás participantes a través de cinco fotografías panorámicas de 360 graos utilizando un equipo de realidade virtual, concretamente, o Meta Quest 2 128 GB. A pantalla deste equipo ten unha resolución total de 3664 x 3840 píxeles e unha resolución por cada ollo de 1832 x 1920 píxeles. As gafas de realidade virtual teñen unha anchura de 17.8 cm, unha altura de 11 cm e unha profundidade de 36 cm, pesan 0.6 kg e son de cor branca. Aínda que este equipo é compatíbel co uso de gafas de visión, cunhas medidas inferiores aos 14.2 cm de ancho e 5 cm de alto, ás persoas que participaron indicóuselles que, en caso de superaren estas medidas, acudisen con lentes de contacto. Ademais, as participantes utilizaron un dos dous controladores *Touch* para dar comezo á visualización da paisaxe cando estiveren dispostas.

As fotografías presentadas nas condicións experimentais foron tomadas de dous provedores de fotografías e material de arquivo de uso gratuíto e libre de dereitos de autor — Pexels e Pixabay—. O material gráfico seleccionado serviu para configurar tres escenarios virtuais diferentes: unha contorna ártica con fondo azul e icebergs; unha contorna marítima enteiramente cuberta de auga con ondada e ceo despexado e unha contorna desértica onde predominaban as dunas. As fotografías da condición control foron tomadas pola autora deste traballo e nelas presentábase un lugar familiar para as participantes. Neste caso, proxectábase a entrada e diferentes zonas da Facultade. Había cinco fotografías por escenario. Para estandarizar o máximo posíbel as imaxes mostradas en tódalas condicións, evitamos capturar a persoas ou animais e eliximos imaxes tomadas á mesma distancia e con iluminación comparábel (ver Figura 3).

A partires de experimentos previos con realidade virtual (RV) (Schutte et al., 2017; Spano et al., 2023; Theodorou, Romano et al., 2023; Theodorou, Spano et al., 2023), o tempo de exposición fotográfica estableceuse en 1 min por imaxe. Así, en cada condición, as participantes estiveron expostas a fotografías inmersivas durante 5 minutos en total. Engadíronse dúas imaxes en negro, cunha duración de 5 segundos cada unha, coa finalidade de indicaren o inicio e remate da experiencia inmersiva.

Figura 3

Imaxes Utilizadas nas Condicións Experimentais



Para o deseño e aplicación dos cuestionarios empregouse a ferramenta institucional Microsoft Forms, asegurando deste xeito que tódolos datos fosen xestionados de acordo coa lexislación vixente. Para rexistrar as respostas aos cuestionarios utilizouse un ordenador con sistema operativo Windows 10 conectado a unha pantalla de 24” (60.5 cm) cunha resolución de 1920 x 1080 píxeles (Full HD). En concreto, empregamos catro escalas de medida para estudar as diferentes variables psicolóxicas contempladas no estudo, mentres que para as variables sociodemográficas empregamos dous ítems. O primeiro deles, referido á idade, ‘Indica a túa idade en números (p.ex., 23)’ e o segundo, relacionado coa experiencia previa con realidade virtual, ‘É esta a túa primeira experiencia coa realidade virtual inmersiva (con casco ou lentes)?’, con formato de resposta dicotómica (*Si/Non*). Só en caso afirmativo a persoa debía indicar cantas veces utilizara un equipo de realidade virtual.

Atendendo ás variables psicolóxicas, medimos o estado de ánimo a través do Perfil de Estados de Ánimo (POMS, *Profile of Mood States*; McNair et al., 1971, 1992), un autoinforme construído en base a unha concepción multidimensional do estado de ánimo. Neste caso, empregamos a versión breve adaptada ao español por Andrade et al. (2013) e conformada por 30 ítems, cinco por cada un dos factores contemplados no POMS. Catro destes factores teñen carácter negativo: Cólera (ítems 6, 13, 18, 22 e 29), Fatiga (ítems 3, 7, 11, 16 e 25), Tensión (ítems 9, 14, 23, 27 e 30) e Estado Deprimido (ítems 5, 17, 20, 24 e 28); e dous, carácter positivo: Vigor (ítems 1, 4, 10, 15 e 19) e Amizade (ítems 9, 14, 23, 27 e 30). O formato de resposta é de cinco categorías ordenadas, con números e etiquetas en cada unha delas, dende 0 (que significa *Nada*), ata 4 (que significa *Moitísimo*) (Anexo B). A puntuación de cada factor obtense da suma das respostas en cada un dos ítems que o integran, oscilando entre 0 e 20. A puntuación total calcúlase sumando os valores obtidos en cada factor, coa excepción dos dous factores de carácter positivo, que se restan. Deste xeito, as puntuacións varían entre -40 e 80. Para evitar puntuacións negativas, é habitual engadir unha constante de 100 á puntuación total. En todo caso, o que se obtén é unha puntuación global de alteración do estado de ánimo. O perfil de estado de ánimo completouse antes e despois da experiencia inmersiva.

O benestar psicolóxico mediuse a través da Escala de Vitalidade Subjetiva (SVS, *Subjective Vitality Scale*; Ryan & Frederick, 1997). Este é un instrumento de autoinforme de 7 ítems e foi amplamente utilizado en estudos psicolóxicos. Aínda que houbo discrepancias entre investigadores sobre a versión a utilizar, para este estudio eliximos a adaptación española de Castillo et al. (2017). O formato de resposta é de sete categorías ordenadas, con valores nos extremos entre 1 (que significa *Nada certo*) e 7 (que significa *Totalmente certo*) (Anexo C). A

puntuación total, entre 0 e 49, é a media das puntuacións nos ítems, co que unha puntuación máis elevada interprétase como maior vitalidade. Tódalas participantes completaron a escala de vitalidade subxectiva despois da visualización da contorna virtual.

Para estudar a capacidade de recuperación dos recursos cognitivos utilizamos a Escala de Restauración Percibida (PRS, *Perceived Restorativeness Scale*; Hartig et al., 1997). Neste estudo, aplicaremos a escala de 26 ítems traducida ao español por Hidalgo e Hernández (2001). Esta versión contén cinco subescalas: seis ítems (1, 5, 9, 12, 14 e 16) miden o factor Evasión, seis ítems (3, 11, 15, 18, 19 e 24) miden Compatibilidade, sete ítems (4, 6, 10, 13, 20, 21 e 25) miden Fascinación, tres ítems (7, 17 e 23) miden Extensión e catro ítems (2, 8, 22 e 26) miden Coherencia. Cada ítem foi avaliado nunha escala de sete puntos, con etiquetas nos extremos (1 = *Nada*; 7 = *Moito*) (Anexo D). As puntuacións das subescala obtéñense da suma dos ítems que compoñen cada unha delas. Para a puntuación total sumáronse os 26 ítems que compoñen a medida. As puntuacións totais oscilan entre 0 e 182; as puntuacións máis altas indican unha maior capacidade de restauración percibida na contorna. A escala de restauración percibida completouse tras visualizar a contorna.

Para medir a sensación de presenza experimentada na contorna virtual (CV) utilizamos o Cuestionario de Presenza Igroup (IPQ, *Igroup Presence Questionnaire*; Schubert et al., 2001). A versión actual do IPQ ten tres subescalas e un ítem xeral adicional que non pertence a ningunha subescala. O significado e número de ítems atribuído a cada escala é o seguinte:

- Presenza espacial: mide a sensación de estar fisicamente presente na CV. Esta subescala está formada por cinco ítems (2, 3, 4, 5 e 6).
- Participación: mide a atención dedicada á CV e a participación experimentada. Esta subescala está formada por catro ítems (7, 8, 9 e 10).
- Realismo experimentado: mide a experiencia subxectiva do realismo na CV. Esta subescala está formada por catro ítems (11, 12, 13 e 14).

O ítem xeral adicional (ítem 1) avalía a ‘sensación de estar alí’ e ten unha carga alta nos tres factores, particularmente no factor de presenza espacial. Este instrumento está formado por 14 ítems. O formato de resposta inclúe escalas tipo Likert unipolares e bipolares. As unipolares avalían a presenza ou ausencia de acordo co ítem formulado e operan nunha escala que vai de *Totalmente en desacordo* a *Totalmente de acordo*. As versións bipolares inclúen un punto intermedio: *Nada consciente* — *Moderadamente consciente* — *Extremadamente consciente*

(Anexo E). A puntuación total calcúlase coa suma de tódolos ítems da escala, obtendo valores entre 0 a 84. Deste xeito, a maior puntuación na escala, maior é a sensación de presenza na contorna inmersiva. O cuestionario de presenza completouse despois de observar a paisaxe.

Por último, no laboratorio había paniños húmidos, alcol, algodón e xel hidroalcolico para garantir que as condicións do equipo de realidade virtual, en canto a estado e uso, fosen idénticas en cada participante.

## 4 Procedemento


Tras chegaren ao laboratorio, as participantes tomaron asento na cadeira situada diante da pantalla do ordenador (ver Figura 4). Antes de empezar o experimento, recibiron información sobre a tarefa a realizar e garantía do anonimato das respostas. Os datos rexistrados serían utilizados única e exclusivamente para fins académicos. Entre os criterios establecidos para participar atopábase que tódalas participantes fosen maiores de idade. Á súa vez, foron informadas de que era importante a sinceridade en tódalas súas respostas e dos riscos que poderían existir (e.g., mareos, dor de cabeza...) debendo avisar á persoa presente na sala no caso de que se atopasen mal. Nesa mesma liña, estarían sentadas para evitar contratemplos. Tamén podían abandonar o estudo en calquera momento, se así o desexaban. Por último, tiñan dereito a coñecer os resultados da investigación e/ou a que se lles resolvese calquera cuestión a través do correo electrónico facilitado para ese fin. Antes de acceder aos cuestionarios, tódalas participantes deron o seu consentimento informado.

En primeiro lugar, presentáronse os ítems vinculados á idade e experiencia previa con realidade virtual, xunto co POMS, que nos serviría para coñecer o estado de ánimo previo á experiencia inmersiva. En segundo lugar, e tras a aparición da mensaxe ‘Finalizaches a primeira parte do cuestionario. Avisa á persoa que estea na sala’, a participante debía cambiarse de cadeira para visualizar a contorna que aleatoriamente lle foi asignada. Antes de colocar e axustar as lentes, limpamos o rostro de cada participante e indicámoslle que debía darlle a ‘Continuar’ pulsando a letra ‘A’ do controlador *Touch* do equipo de realidade virtual. O controlador *Touch* colocouse detrás da participante para evitar calquera molestia. Por último, unha vez a pantalla se poñía en negro, axudamos á participante a sacar as lentes e pedímoslle que continuase respondendo aos cuestionarios no sitio no que sentara ao comezo. Nesta segunda parte do estudo debía volver a completar o POMS xunto coas medidas SVS, PRS e o IPQ.

A captación da mostra de participantes desta investigación levouse a cabo colocando carteis nos taboleiros de anuncios da facultade e folletos nas mesas situadas diante das aulas e laboratorios docentes (Anexo F). Nos impresos, atopábase un código QR que daba acceso a un formulario de inscrición. Cada participante debía indicar un método de contacto — WhatsApp ou correo electrónico — para poder concertar o día e a hora na que asistir ao laboratorio. Este traballo de investigación empírica contou coa aprobación do Comité de Bioética da Universidade de Santiago de Compostela (Anexo G).

#### **Figura 4**

*Disposición Espacial do Material Empregado no Estudo*



## 5 Análise de Datos

A análise dos datos do presente estudo realizouse utilizando o paquete estatístico IBM SPSS Statistics (versión 29). O acceso a este programa foi facilitado pola Área de Tecnoloxías da Información da Universidade de Santiago de Compostela. Os datos recollidos a través da aplicación para cuestionarios Microsoft Forms importáronse de Excel a SPSS para a súa revisión pormenorizada.

Para a descrición da mostra, calculamos os estatísticos propios das variables cuantitativas (i.e., idade e as medidas das variables de carácter psicológico) e cualitativas (i.e., a medida dicotómica sobre experiencia previa con RV). A continuación, as respostas aos ítems da escala IPQ codificáronse nunha escala tipo Likert de 6 puntos (0-6) para evitar puntuacións negativas. Así mesmo, recodificamos aqueles ítems cuxos enunciados estaban en sentido inverso a cada variable psicolóxica obxecto de estudo. No IPQ, isto afecta tanto aos ítems da subescala Presenza Espacial ‘Sentín que só estaba a percibir imaxes’ (ítem 3) e ‘Non me sentín presente no espazo virtual’ (ítem 4), como aos da subescala Participación ‘Que tan consciente eras do mundo real que te rodeaba mentres navegabas no mundo virtual (é dicir, sons, temperatura ambiente, outras persoas, etc.)?’ (ítem 7) e ‘Aínda prestei atención á contorna real’ (ítem 9). Na SVS só un ítem está codificado de forma inversa: ‘Non me sinto moi enérxica/o’ (ítem 2).

A análise estatística propiamente dita comezou coa comprobación de que existía equilibrio entre as condicións experimentais nas variables cuantitativas idade, número de veces que usaron un equipo de realidade virtual, sensación de presenza e estado de ánimo previo á experiencia inmersa. Para iso, utilizáronse análises de varianza (ANOVA) dun factor. No caso da experiencia previa con realidade virtual, ao ser unha variable categórica, utilizamos o contraste khi-cadrado ( $\chi^2$ ) para comprobar a igualdade de proporción entre grupos. Tamén avaliamos a consistencia interna dos ítems que conformaban os cuestionarios utilizados para medir as variables psicolóxicas, calculando o coeficiente alfa de Cronbach.

En segundo lugar, levamos a cabo dúas análises de mediación para comprobar se a capacidade de restauración actuaba de mediadora tanto entre a condición presentada e o estado de ánimo como entre a condición presentada e a vitalidade subxectiva. Tamén estudamos o mesmo efecto mediador para os compoñentes da restauración: estar lonxe, fascinación, extensión, coherencia e compatibilidade. As análises de mediación realizáronse coa macro

PROCESS versión 4.2 (Hayes, 2022). O obxectivo era estimar o efecto directo e particularmente o efecto indirecto da variable independente multicategoría. Para calcular os efectos indirectos empregamos a técnica de bootstrapping, cun total de 5000 mostras, e intervalos de confianza (IC) do 95 %.

# Resultados

Na Táboa 1 móstranse os estatísticos descritivos dos grupos en tódalas variables medidas antes da experiencia inmersiva. Incluímos un resumo para as puntuacións obtidas en estado de ánimo negativo e positivo, e o resultado para a medida IPQ, de sensación de presenza. O alfa de Cronbach, destinado a avaliar a fiabilidade como consistencia interna, foi superior a .70 para tódalas escalas.

O test khi-cadrado indica que os grupos estaban equilibrados en canto á experiencia previa con realidade virtual:  $\chi^2(3) = 3.620, p = .305$ . Os resultados das análises de varianza tamén indican que os grupos non diferiron en idade:  $F(3, 46) = .373, p = .773$ . Nin en número de veces que empregaron un equipo de realidade virtual:  $F(3, 14) = .044, p = .987$ . Do mesmo xeito, encontramos equilibrio entre os grupos na sensación de presenza provocada polas distintas contornas:  $F(3, 46) = .200, p = .896$ . Atendendo ás características psicolóxicas antes da inmersión, os resultados non mostran diferenzas significativas no estado de ánimo global  $F(3, 46) = .430, p = .732$ , en estado de ánimo negativo  $F(3, 46) = .255, p = .857$  e en estado de ánimo positivo  $F(3, 46) = .871, p = .463$ . En consecuencia, verifícase unha distribución homoxénea nas variables medidas antes da exposición virtual.

Na Táboa 2 móstranse os estatísticos descritivos para as variables psicolóxicas medidas despois da inmersión. De novo, o coeficiente de consistencia interna é aceptable para tódalas escalas. A Figura 5 ilustra a mellora do estado de ánimo en cada condición experimental.

**Táboa 1**

*Estatísticos Descritivos e ANOVA dun Factor Para as Variables Idade, Experiencia Previa con Realidade Virtual, Sensación de Presenza e Estado de Ánimo Previo*

Variable	Control		Branco		Azul		Marrón		F(3, 46)*	p	α de Cronbach
	M	DT	M	DT	M	DT	M	DT			
Idade	25.08	5.961	25.54	7.043	23	4.954	24.38	7.101	.373	.773	---
Experiencia previa con realidade virtual*	1.80	.837	1.80	1.304	1.67	1.211	2	1.414	.044	.987	---
T_IPQ	43	12.299	45.69	17.571	45.58	12.979	47.46	14.163	.200	.896	.845
T_Ánimo_Previo	86.33	11.146	88.85	10.286	85.92	15.163	83.31	12.835	.430	.732	.769
T_Ánimo_Negativo	13.75	6.943	12.77	8.022	13.08	12.559	10.85	6.530	.255	.857	.847
T_Ánimo_Positivo	27.42	6.515	23.92	6.396	27.17	5.524	27.54	7.881	.871	.463	.920

*Nota.* \*Só 18 participantes tiveron experiencia previa con realidade virtual. Os graos de liberdade neste caso son F(3,14)


**Táboa 2**

*Estadísticos Descritivos Para as Variables Psicológicas Estado de Ánimo, Vitalidade Subxectiva e Restauración Percibida*

Variable	Control		Branco		Azul		Marrón		$\alpha$ de Cronbach
	M	DT	M	DT	M	DT	M	DT	
T_Ánimo_Post	81.17	11.979	83.08	11.996	77.50	10.867	80.92	11.744	.777
T_Ánimo_Negativo2	6.58	3.728	7.00	9.129	5.33	9.829	8.00	7.853	.882
T_Ánimo_Positivo2	25.42	9.229	23.92	4.974	27.83	4.914	27.08	5.951	.878
T_Vitalidade	4.51	1.171	4.20	1.516	4.94	1.075	5.26	.989	.908
T_Restauración	98.25	25.438	123.08	21.581	152.08	19.076	129.08	26.415	.933

**Figura 5**

*Representación Gráfica da Mellora do Estado de Ánimo*



Na primeira análise de mediación estudáronse os efectos sobre a mellora no estado de ánimo. Con respecto á variable independente, multicategórica, empregouse unha codificación ficticia asignando o valor 0 á condición control (a categoría de referencia) e o valor 1 ás condicións branco, azul e marrón (as condicións cuxos efectos relativos desexabamos estimar). A Figura 6 representa o modelo estatístico correspondente a esta análise. Os resultados do efecto das tres condicións sobre a capacidade de restauración foron significativos (etiquetados como  $a_1$ ,  $a_2$ ,  $a_3$  na Figura 6), o cal indica que as contornas naturais virtuais foron máis efectivas que a contorna control para mellorar a capacidade de restauración.


O modelo para o estado de ánimo resultou significativo:  $R^2 = .222$ ,  $F(4, 45) = 3.216$ ,  $p = .021$ . O efecto da capacidade de restauración sobre a mellora do estado de ánimo (representado por  $b$  na Figura 6) foi significativo. Isto demostra que, no noso caso, a capacidade de restauración mellora o estado de ánimo con independencia da condición experimental.

Tal como se aprecia na Táboa 3, non se atoparon efectos directos ou totais significativos, coa única excepción do efecto directo da contorna marrón. Á marxe da restauración, a mellora de estado de ánimo nesta condición foi inferior á que atopamos para a condición control. En canto aos efectos indirectos, foron significativos, indicando que a

mediación procura unha mellora do estado de ánimo superior en cada condición experimental respecto da condición control (ver Táboa 3). O efecto de mediación, non obstante, só emerxeu cando se considerou a diferenza global na puntuación de estado de ánimo e non para as melloras do estado de ánimo positivo ou negativo.

**Figura 6**

*Representación Estatística do Efecto da Contorna Sobre a Mellora do Estado de Ánimo Mediada Pola Capacidade de Restauración*



Nota. \*  $p < 0.05$ , \*\*\*  $p < 0.001$

**Táboa 3**

*Efectos Relativos Totais, Directos e Indirectos da Contorna Sobre a Mellora do Estado de Ánimo Mediada pola Capacidade de Restauración*

Condición	Efecto	Coeficiente	EE	IC 95 %		p
				LI	LS	
Branco	Directo	-3.324	3.509	-10.392	3.745	.349
	Indirecto	3.926	2.146	.494	8.713	---
	Total	.603	3.554	-6.552	7.757	.866

Condición	Efecto	Coeficiente	EE	IC 95 %		p
				LI	LS	
Azul	Directo	-5.264	4.336	-13.998	3.470	.231
	Indirecto	8.514	3.524	1.890	15.782	---
	Total	3.250	3.625	-4.046	10.546	.375
Marrón	Directo	-7.657	3.634	-14.976	.339	.041
	Indirecto	4.875	2.215	.883	15.782	---
	Total	-2.728	3.554	-9.936	4.372	.438

*Nota.* EE: error estándar; IC: intervalo de confianza; LI: límite inferior; LS: límite superior


Atopamos que dous dos compoñentes da capacidade de restauración actuaban como mediadores entre o grupo e a diferenza entre o estado de ánimo previo e posterior. Os compoñentes foron a fascinación e a extensión.

Na Figura 7 presentamos o modelo que contempla a fascinación como variable mediadora entre a condición experimental e a mellora do estado de ánimo. Os resultados do efecto das tres condicións sobre a fascinación foron significativos ( $a_1$ ,  $a_2$ ,  $a_3$ , ver Figura 7). Isto indica que as contornas naturais foron máis fascinantes que a condición control.

O modelo resultou significativo:  $R^2 = .193$ ,  $F(4, 45) = 2.685$ ,  $p = .043$ . En canto aos efectos indirectos, foron significativos, indicando que a mediación procura unha mellora do estado de ánimo superior en cada condición experimental respecto da condición control (ver Táboa 4). Deste modo, podemos informar de que tódalas condicións naturais conseguiron captar a atención das participantes, contribuíndo á mellora do estado de ánimo.

**Figura 7**

*Representación Estatística do Efecto da Contorna Sobre a Mellora do Estado de Ánimo Mediada Pola Fascinación*



Nota. \*  $p < 0.05$ , \*\*\*  $p < 0.001$

**Táboa 4**

*Efectos Relativos Totais, Directos e Indirectos da Contorna Sobre a Mellora do Estado de Ánimo Mediada Pola Fascinación*

Condición	Efecto	Coeficiente	EE	IC 95 %		p
